

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
15032251	Escola de Artes (CRA Ponte da Pedra)	Carballo	2024/2025	Plan pechado- seguemento

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	13/01/25
Data aprobación consello	07/10/24
Data aprobación claustro	07/10/24

2. Introducción

- Xustificación do Plan Dixital en función da Normativa vixente

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
 - Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de Xuño de 2021, da secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrución para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2.
 - Resolución do 3 de Setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.
- Contextualización do PD no Centro e contribución ao PD

A nosa escola, a Escola de Artes, forma parte do Colexio Rural Agrupado (CRA) Ponte da Pedra, que está constituído pola agrupación de 7 escolas unitarias da zona rural: Artes, Cances, Mirón, Rega, Sísamo, Verdillo e Xoane. Xeográficamente o centro base e os adscritos pertencen ao Concello de Carballo, capital da comarca de Bergantiños, con Escolas distribuídas dentro das súas dezaioito parroquias e cunha poboación rural dispersa.

Nome do centro: Escola de Artes

Dirección: C/ Almacén s/n. 15109 Artes, Carballo (A Coruña) – **Teléfono:** 981 75 61 67

Correo electrónico: cra.ponte.pedra@edu.xunta.gal

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/crapontepedra/>

Etapas educativas que impartimos: Infantil e Primaria

Actualmente temos 15 alumnos e alumnas repartidos dende 4º E. Infantil ata 2º de Educación Primaria.

• Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa. A contribución fundamental do Plan Dixital ao Proxecto Educativo é impulsar o desenvolvemento das competencias dixitais da Comunidade Educativa; que as TIC sirvan para achegar ao alumnado todo un mundo de posibilidades informativas, formativas e de comunicación. O plan ten por obxecto colaborar con outros equipos de dinamización do centro Biblioteca (Plan de Continxencia, Plan de Igualdade, Plan de Bienestar emocional, Plan Europeo) para crear e apoiar proxectos conxuntos: divulgar actividades e conmemoración e actividades no cento, crear contidos dixitais para a animación lectora...

• Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 24/25. O plan dixital favorecerá a consecución dos obxectivos que se establecerán na Programación Xeral anual, en especial, os que fagan referencia a:

Dotar ao profesorado e ao alumnado de competencias dixitais.
Impulsar metodoloxías innovadoras na procura dun desenvolvemento integral do alumnado.
Facilitar a comunicación coa comunidade educativa a través de diferentes canais de difusión (abalar, páxina web...)

- Proceso de Elaboración

O equipo de dinamización do Plan Dixital ao longo do curso 2021/2022 realizou os seguintes pasos na elaboración do PD:

- Análise da competencia dixital do centro (profesorado e membros do equipo directivo) a través da Enquisa SELFIE.
- Análise da competencia dixital docente mediante o test de CDD.
- Elaboración do DAFO (Debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades)
- Realización do Plan Acción, seguindo o DAFO do noso centro.
- Deseño do Plan dixital

Neste curso 2024-2025 actualizamos os obxectivos que queremos alcanzar con este proxecto.

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

Os instrumentos de recollida de información previa foi o Test Selfie e o test cdd.

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	Non contamos con sistemas de protección de datos.	Infraestruturas	Non
Debilidade	O centro non conta cunha estratexia dixital.	Organización de centro	Non
Debilidade	Non hai debate arredor do uso das novas tecnoloxías.	Persoal docente	Si
Debilidade	Non se empregan tecnoloxías dixitais na avaliación para favorecer a retroalimentación co alumnado.	Persoal docente	Non
Debilidade	O profesorado non emprega entornos virtuais de aprendizaxe.	Persoal docente	Non
Debilidade	Non se empregan tecnoloxías no proceso de avaliación do alumnado.	Persoal docente	Non
Debilidade	Non hai proxectos interdisciplinares que embreguen as tecnoloxías dixitais.	Persoal docente	Non
Fortaleza	O centro dispón de dispositivos suficientes.	Infraestruturas	Si
Fortaleza	Bo acceso a internet.	Infraestruturas	Non
Fortaleza	Utilizamos os servizos dixitais educativos para informar ás familias (abalar, páxina web...)	Organización de centro	Non
Fortaleza	O profesorado busca recursos dixitais para a docencia.	Persoal docente	Non
Fortaleza	O profesorado ten acceso a formación DPC nas tecnoloxías dixitais.	Persoal docente	Non
Fortaleza	Empréganse tecnoloxías dixitais de comunicación dentro da comunidade educativa.	Persoal docente	Non

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	As modalidades formativas en competencias dixitais non se ajustan ás necesidades do profesorado.	Administración educativa	Non
Oportunidade	A administración ofrece asistencia técnica UAC.	Administración educativa	Non

3.4. Análise

A partir do Informe SELFIE, test CDD o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

Tras a nosa análise constatamos que o 90% do noso profesorado por unha banda considera que as novas tecnoloxías non deben ser o eixo principal da vida diaria da aula, xa que o noso alumnado atópase nunha etapa sensoriomotriz e queremos potenciar as metodoloxías máis activas, sensoriais e motrices e por outra banda que a formación que se ofrece dende a consellería non está adaptada as necesidades da etapa, do profesorado e dos centro rurais coma o noso.

Como centro, tras eses resultados, queremos equilibrar a idea principal do noso profesorado con respecto ás novas tecnoloxías e a demanda dixital na que estamos inmersos na actualidade. Polo que tentaremos buscar obxectivos e accións viables e realizables.

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Actualizar e manter en bo estado os recursos Tic do centro e solicitar ou adquirir novos recursos cando sexa preciso.
O02PD	Difundir entre o profesorado os materiais TICS cos que contamos no centro
O03PD	Deseñar espazos argalleiros (polos creativos) nas aulas e na sede do centro: dotalos de recursos dixitais e dinamizar con actividades.

4.2. Datos do obxectivo O01PD

Código	Estado
O01PD	Pendente

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Fortaleza - Infraestruturas - O centro dispón de dispositivos suficientes.

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Bo estado dos recursos tic do centro.	80% dos recursos están en bo estado	100% dos recursos están en bo estado				

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
A.1 Actualizar os equipos dixitais das escolas (pantalla dixital e ordenadores) e preparar para o seu uso.	30/05/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo Tic	
Destinatario	Os mestres das escolas	

Revisión	Data	Arquivo
Actualizamos e preparamos para o seu uso os medios dixitais das aulas.	12/09/2024	
Resolución de incidencias técnicas e de conexión, e comunicamos á UAC aquelas que non pode resolver o equipo TICS	20/12/2024	
Solicitud ao servizo da UAC a instalación da maqueta abalar para os ordenadores recibidos para o profesorado especialista.	25/11/2024	

4.3. Datos do obxectivo O02PD

Código	Estado
O02PD	Pendente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Fortaleza - Infraestruturas - O centro dispón de dispositivos suficientes.

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Porcentaxe de recursos dixitais do centro rexistrados no inventario.	80% dos recursos dixitais están rexistrados	100% dos recursos dixitais están rexistrados	Rexistro dixital			
Número de rexistro de préstamo de recursos dixitais.	0 Rexistro de préstamo material TIC	1 Rexistro de préstamo de material TIC	Rexistro de préstamo en formato dixital			
Número de formacións ao profesorado sobre o uso dos recursos dixitais do centro	0 formacións	3 formacións				

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
A.2 Actualizar o inventario dos recursos tics do centro e da dotación da Consellería	20/12/2024	setembro, novembro, outubro
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Profesorado	

Revisión	Data	Arquivo
Inventario interno de recursos tic do centro coas novidades incorporadas tanto dos materiais TIC como os de Polos Creativos.	20/12/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
Realizar un rexistro de préstamo de materiais TICS e de Polos Creativos	20/12/2024	setembro, decembro, novembro, outubro
Responsables	Equipo TICS	
Destinatario	Profesorado e persoal laboral	

Revisión	Data	Arquivo
Panel de rexistro manual preto do lugar onde se gardan na sede o material TIC para que profesorado indique en que aula está dito material.	11/10/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
Explicar ao profesorado o funcionamento dos recursos dixitais que conta o centro	30/05/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo TICS	
Destinatario	Profesorado	

4.4. Datos do obxectivo o03PD

Código	Estado
o03PD	Pendente

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Persoal docente - Non hai debate arredor do uso das novas tecnoloxías.

Fortaleza - Infraestruturas - O centro dispón de dispositivos suficientes.

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Creación dun espacio argalleiro na sede do centro accesible á toda á Comunidade educativa	0 espazos argalleiros na sede accesible á toda a Comunidade Educativa	1 espazo argalleiro accesible á toda á Comunidade educativa.				
Número de espazos argalleiros nas aulas (somos 9 aulas)	0	5	9			
Número de actividades de dinamización do espazo argalleiro	0	3				

4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Reubicar na sede do CRA un espazo argalleiro que conte con recursos dixitais (polos creativos)	30/01/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Profesorado	

Revisión	Data	Arquivo
Presentamos nas nosas redes sociais e páxina web o espazo argalleiro para que a Comunidade Educativa coñezaa o novo espazo cando visite as nosas instalacións.	19/12/2024	
Reubicamos os materiais na sede central do centro nun espacio Argalleiro que serve para ter ao alcance de alumnado, que visite a nova sede, todos os materiais que contamos dos polos creativos.	11/11/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
Buscar espazos fixos ou temporais nas aulas para situar os materiais dixitais.	30/01/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro
Responsables	Titoras e equipo tics	
Destinatario	Todo o centro	

Acción	Data máxima	Temporalización
Propoñer actividades/tarefas cos novos materiais recibidos do programa Polos creativos.	30/05/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xullo, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo tic	
Destinatario	Profesorado	

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

O Equipo de Dinamización de Tics participará nun grupo de traballo, nun pfp de polos creativos, xunto cun compañeiro máis e nos xuntaremos unha vez ao mes para desenvolver o plan e dentro desas reunións unha vez ao trimestre faremos o seguimento, valorando dito plan.

Periódicamente reunirse a coordinadora de ciclo co responsable de ADIX para acompañarnos na aplicación do Plan. A coordinadora do equipo actualizará toda a información na aplicación EDUCALIDADE.

5.2. Primeiro trimestre

Os tres obxectivos marcados no noso Plan dixital seguen a temporalización e a organización marcada ao inicio de dito Plan. Neste primeiro trimestre priorizamos os aspectos organizativos do plan: actualización de equipos e posta en marcha, elaboración e actualización dos inventarios, creación dun sistema de préstamos de recursos TIC e a reubicación na sede central do CRA dun recanto ARGALLEIRO.

5.3. Segundo trimestre

5.4. Terceiro trimestre

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- No contexto da avaliación procesual será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán a frecuencia da súa realización estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluíraán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

6.2. Valoración xeral

6.3. Propostas de mellora

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

Unha vez elaborado o Plan dixital enviouse ao claustro un correo electrónico adxuntando un pdf co documento; levouse a cabo un claustro e un consello e finalmente publicouse para a súa difusión á Comunidade Educativa na páxina web do Centro. Grazas á plataforma educabilidade o plan está visible á toda comunidade educativa e facilita á consulta pública e accesible á todos.

8. Outros datos

9. Anexos

Descrición	Arquivo
Test CDD CRA Ponte da Pedra	15032251_CRAPontedaPedra_CDD_15032022.pdf
SELFIE CRA Ponte da Pedra	15032251_CRA Ponte da Pedra_SELFIE_11221_151221.pdf
SELFIE CRA Ponte da Pedra	15032251_CRA Ponte da Pedra_SELFIE_11221_151221.pdf